

*Edita: Club Montañeiros Celtas.  
Dirección: Xulio Troitiño Dapena*

*Coordinación: Xulio Troitiño Dapena - Deseño e maquetación: Enrique Soto  
Traducción: Xulio Troitiño - Normalización lingüística: Xulio Troitiño*

*Colaboran neste número: Xulio Troitiño, Antonio Fernández, Alberto Rodríguez Bravo, Mar Arias e as seccións deportivas do club.*

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.  
Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia.  
Secretaría Xeral de Política Lingüística.



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora Concello de Vigo - Área de Participación Cidadá




# CLUB MONTAÑEIRO CELTAS

Nº 98
MARZO - ABRIL 2009
Editado 3/04/09

## COMEZA A TEMPADA DE BICI DE MONTAÑA

Despois do parón invernal, comezamos de novo a darlle aos pedais, así que ídevos preparando fisicamente pois a tempada empeza con forza nos vindeiros dous meses!

En primeiro lugar (domingo 19 de abril), realizaremos unha saída pola Serra do Morrazo, na que poderemos gozar dunha fermosa subida, e dunha aínda máis



fermosa baixada, así como dunhas vistas fabulosas das Rías de Vigo e Pontevedra. Posteriormente, xa no mes de maio, imos ter dúas saídas moi intensas. A



primeira (domingo 10 de maio), transcurrirá por terras do concello de Avión, na provincia de Ourense, onde daremos unha volta polo monte de Pena Corneira que está declarado como monumento natural, debido ás súas curiosas formacións rocosas de granito. E a segunda (fin de semana do 23 e 24 de maio), desenvolverase pola Serra de manzaneda, a onde nos achegaremos o sábado pola tarde para dormir en Casa Gerardo (Chandrexa de Queixa), para poder saír o domingo de mañá cedo e poder gozar dunha xornada intensa pola montaña de Cabeza de Manzaneda.



Neste número:


<i>Bici de Montaña</i>	<b>1</b>
<i>Axenda</i>	<b>2</b>
<i>Gala do Deporte</i>	<b>2</b>
<i>Novas</i>	<b>3</b>
<i>Montañismo</i>	<b>4</b>
<i>Esquí de Montaña</i>	<b>5</b>
<i>Actividades Subacuáticas</i>	<b>5</b>
<i>Espeleoacción</i>	<b>7</b>
<i>Vindeiras Actividades</i>	<b>8</b>

## VINDEIRAS ACTIVIDADES

MES	DÍA	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
ABRIL	4-12	Cuenca-Guadalajara	Semana Santa Espeleoloxica	S.D. Espeleoloxía
	4-12	Atlas Marroquí	Campamento Alta Montaña	FGM- EGAM
	5	O Morrazo	Marcha de primavera	S.D. Sendeiros
	9-12	Gredos	Montañismo	S.D. Montaña-Trevinca
	18-19	Monte Galiñeiro	Curso de Autorrescate	FGM- EGAM
	18-19		Curso técnicas de montañismo e orientación 1ª parte	FGM- EGAM
	19	Cangas	Btt na Serra do Morrazo	S.D. Bici de Montaña
	25-26		XXXI Campamento Galego de Espeleoloxía	FGE
	25-26		Curso técnicas de montañismo e orientación 2ª parte	FGM- EGAM
	25		XLIII Campamento e marcha galega de montaña	FGM- Trevinca
26	Cabo Udra	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas	
26	Galiñeiro	Xornada de iniciación á escalada	S.D. Escalada	
MAIO	1-3		Catoute-Villabandín	S.D. Montaña
	8	Local Social	Festa de primavera	S. Actividades Sociais
	9		VIII Marcha das Greas	FGM
	9-10		Operación Benxamín	S.D. Infantil
	9-10		Curso Iniciación Escalada Deportiva (1ª parte)	FGM- EGAM
	10	Avión	Btt en Pena Corneira	S.D. Bici de Montaña
	16-17		Operación Benxamín	S.D. Infantil
	16-17		Curso Iniciación Escalada Deportiva (2ª parte)	FGM- EGAM
	17	Campo Lameiro	Sendeirismo	S.D. Sendeiros
	17	Bande	Proba Galega de escalada en bloque	FGM- M.Celtas
	23-24		XV Descenso de Barrancos	FGM- Xistra
	23-24	Chandrexa de Queixa	Btt en Cabeza de Manzaneda	S.D. Bici de Montaña
	31	Illa de Arousa	Inmersión Submarina	S.D. Act. Subacuáticas

### CLUB MONTAÑEIRO CELTAS

- ♦ Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo
- ♦ Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo
- ♦ Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220
- ♦ Internet: [www.celtas.net](http://www.celtas.net)
- ♦ Correo electrónico: [info@celtas.net](mailto:info@celtas.net)
- ♦ Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres





## AXENDA

DATA	LUGAR	TIPO DE EVENTO	PONENTE
24/04/09	Local Social	Proxección e coloquio sobre transxénicos	Greenpeace
08/05/09	Local Social	Ciclo de cine documental	Xacobe

- i. Proxección e coloquio sobre produtos transxénicos, a súa industria, produción, comercialización e consumo, ¿seguro que son seguros?". Venres 24 de abril. Greenpeace
- ii. Proxección de documental por parte de Xacobe: Venres 8 maio.

## PREMIOS GALA DO DEPORTE

### Mellor deportista 2008 en Montañismo, de Vigo e comarca.

O socio Sechu López foi designado mellor deportista 2008 de Vigo e comarca, na modalidade de montañismo, polo que asistiu á "10ª Gala do Deporte de Vigo e a súa comarca" a recoller o premio. A gala celebrouse o pasado 13 de marzo de 2009 no auditorio de Caixanova. Ó

Os méritos para acadar esta designación, foron as súas ascensións nos Andes chilenos (onde participou na expedición da FGM) e arxentinos no pasado ano, onde acadou 7 cumios, 4 deles por riba dos seismil metros, incluíndo os dous máis altos de América: Ojos del Salado (6.893 m) e Aconcagua (6.962 m), este último en solitario, en estilo alpino e en autosuficiencia, iniciando a ascensión en Puente del Inca (2.727 m) e regresando ao mesmo punto, despois de acadar o cumio,



en só 4 días e medio. No Club está a disposición dos socios, a Memoria completa desta expedición, así como un DVD Vídeo realizado coas fotos da viaxe. Sechu ten previsto realizar este verán unha expedición ao Karakorum (Paquistán), para intentar acadar os dous cumios de oitomil metros do grupo dos Gasherbrum: o Hidden Peak (8.068 m) e o G2 (8.035 m).

### Mellor club galego de montaña do ano 2008

Outro ano máis, e xa van seis seguidos, o club montañeiros celtas foi elixido como mellor club de montaña galego do ano.

Felicitacións a todas e todos os que facedes que isto sexa posible!



Sechu López e Maria Luisa Barros, de Montañeiros Celtas, recibiron os premios de mellor montañista e mellor espeleóloga de Vigo e comarca do ano 2008

## ESPELEOSECCIÓN

### Prácticas de técnica vertical en mondoñedo

14-15 febreiro

A primeira saída espeleolóxica do ano tivo lugar en Mondoñedo, lugar que a sección escolle como cada ano para facer as prácticas de progresión vertical, e fomos dez participantes os que nos embarcamos nunha aventura que non podíamos sospeitar.

Todo parecía que discorría normalmente: a actividade comezou sobre as 15:00h, hora en que case todos (os primeiros os rapaces, coma sempre) nos puxemos os arneses para trepar polas cordas, e entre pitos e frautas, alí estivemos sube que sube e baixa que baixa ata que caeu a noite...momento en que todos sentimos un arrefrío que nos percorría o corpo, aínda que nun principio non sabíamos a qué (ou mellor dito, a quén) se debía.

O primeiro sinal do que nos agardaba produciuse á noite, cando todo o grupo (cun par de excepcións) paseabamos pola cidade de Mondoñedo. Credes que dá mala sorte que se vos cruce diante un gato negro? Pois crédeme, que é moito peor que DOUS gatos negros que se pelexan nun tellado a unha altura de tres pisos poden até aterrar sobre a cabeza (sí, a cabeza) dunha das participantes da actividade. Cando nos recuperamos do susto, volvemos a cear ao refuxio e a durmir, pero pola mañá, EL fixo a súa aparición: estouvos a falar de que non eramos dez participantes, senón once os que

durmiamos naquel refuxio!!! E por qué non nos demos conta ata entón? Pois porque o onceavo participante era o espírito de Monchito, un suposto neno espeleólogo morto hai anos no refuxio, que para darnos a benvida, trouxonos pasteliños de chocolate a todos pola mañá, cando nin sequera nos dera tempo a saír dos sacos.

Despois do almorzo, fixemos unha visita á cova dos Santos, e á volta tocou comer, limpar e recoller para volver a Vigo, non sen antes despedirnos do noso Monchito.

Qué nos deparará a próxima actividade? Se o queredes saber, só tedes que acompañarnos na próxima aventura!!

A Sección

### Actividade infantil xuvenil de espeleo: Liñares (Pedrafita do Cebreiro-Lugo)

14-15 marzo.

Esta vez, o refuxio case se nos queda pequeno, porque alí nos xuntamos 14 persoas para gozar dunha fin de semana de espeleo. Os cativos animáronse a vir e Antón, Estela, Manu, Alberto, Candela e Jorge pasáronno en grande nas covas e no resto de neve que quedaba na zona do refuxio.

O sábado chegamos ben cedo ao refuxio e comemos cedo, polo que a tarde fíxose longa e ben aproveitada. Estivemos na Cova do Purruñal, arrastrándonos polas súas galerías, bautizando con barro a aqueles novos que entraban por primeira vez nunha cova e intentando xogar a un xogo de números na escuridade, que se ben non conseguimos acadar o final do xogo, pasámolo en grande.

Á saída da cova, ben nos esperaba Lourdes con auga e chocolate que foron recibidos con non poucas gañas.

Un ceña de espaguetis, un pouco de leria no saco e a durmir (uns máis que outros) ata o día seguinte. O domingo achegámonos ata a Cova de Valdabreira e

como tamén tivemos tempo, pois instalouse o Pozo do Tintán, que algúns baixaron e outros quedaron fora por perguiza.

No refuxio, a recoller todo, limpar e volver para Vigo, onde algún chegou ben canso.

A Sección





## ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

### Mergullo nas Illas Estelas 15 de febreiro

#### CARTADE AGRADECIMENTO

Xiana Gándara Arias, así é como se chama unha das máis benjaminas de Montañeiros Celtas, con case 10 mesiños de idade e sendo a luz dos ollos do seu pai, Celso, un dos membros da Sección de Mergullo.

Para min, o nacemento de este “Sol” foi un dos acontecementos máis importantes da miña vida, pero non todo son vantaxes (xa sabedes, mozas-mamá, a que me refiro.....).

O 15 de febreiro, “embarqueime” na miña primeira baixada ás profundidades do mar, despois de ANO E MEDIO de seca, neste tema.

Era un día despexado, asollado e animado, todos estabamos de bo humor e con ganas de mergullar, eu seguramente a que menos.....tiña esa sensación no estómago que me lembraba o tempo que pasara desde a última vez e, como en case todo, tes esos nervios de non lembrar, de cometer algún erro, de provocar atrasos aos compañeiros e de facer o ridículo, un pouco, tamén, por que non dicilo? . Pero.....empecei a charlar mentres montabamos o equipo no porto e os nervios empezaron a disiparse para aloxarse ese “bo rollo” que

adoita haber cando se xuntan varias persoas que comparten unha paixón, como no noso caso, Mergullar. Fomos a un lugar novo, ao que ningún de nós fora nunca, as Illas Estelas, no baixo “A Negra”, o primeiro que vemos ao chegar é ....que non se ve nada !: A auga está chocolate-comentaba un. Efectivamente, comezamos o descenso e eu, que non baixara nunca con Celtas nin con Angel...teño que pasar exámen, vou con Diego (o guía) e outro mozo que se uniu dun barco próximo, o resto de compañeiros Celtas forma un grupo e baixan a unha zona próxima. A visibilidade era francamente mala, non máis de 3-4 metros, moita partícula en suspensión, a auga...brrrrrrr....conxelada, a 12º-13º, algo de corrente no fondo e a miña inseguridade de se o farei ben, como levarei a flotabilidade???? Ao chegar abaixo...Somos moitos...canta xente, quita a túa aleta da miña cara!! Éste é o meu guía?? hai moito mergullador xunto -penso.

E ao cabo de 3 minutos.....ESTOU a Mergullar YUPI

Non había moita fauna, poucos peixes...eu non capisquei nin un, pero que paredes mozas, había varias gorgonias, bastante grandes, moitas esponxas, estrelas de mar por todas partes e sobre todo QUE COREES !!!, sempre me sorprende o colorido dos nosos bosques acuáticos, é tan increíble estar alí abaixo mentres che mece o mar.... Tras 40 minutos de mergullo ascendemos encantados, chegamos a 27 metros e fixemos unha paradiña de seguridade a medio camiño. No barco, tivemos que esperar polos nosos Celtas, estiveran máis tempo e...en fin..., as súas lerias de sempre, Óscar e


Celso probando exercicios, esta vez lanzar as bollas, Diego aguantando o tipo, mentres, Silvia que entra en “deco”... e Pablo, logo no peirao, que xa os coñece.....pois iso, ríndose da situación.... O NORMAL, vamos....

Celia e Rubén, que levan menos tempo, estiveran con Ángel na inmersión, os nosos portáronse; Non todo o mundo está disposto a baixar nesas condicións e menos aínda aguantan toda a inmersión.....

Foi unha xornada completa, pero, sobre todo, sobre todo, e a pesar das condicións do mar, lembrarei esta baixada como unha moi entrañable, primeiro porque paseino xenial retomando unha actividade que me encanta, e segundo, por atopar na Área de Subacuáticas a un grupo excepcional. Desde o primeiro momento atópaste con Óscar, que che dá a benvida e acóllete, cóidate, conséntete e dáche unhas recomendacións e consellos, con toda humildade, que facilita por completo o recoñecerte inseguro e preguntarlle calquera dúbida. E para pór a guinda, o resto de compis que coa súa proximidade e humor fan que todo sexa moi fácil.....a cervexa do final tamén influíu un pouco, je, je..... Por todo isto, o final desta historia non pode terminar doutra maneira:

GRAZAS COMPAÑEIROS!!!!!!

Mar Arias



#### Vindeiras actividades de Mergullo

Proximamente faremos unha xuntanza no club para visionar e comentar as saídas de mergullo do ano pasado, avisaremos con tempo.

-27 Abril inmersión dende Bueu-Cabo Udra

-31 Maio inmersión na Illa de Arousa-Punta Cabalo  
Todos os fins de semana temos saídas extraoficiais...se o tempo o permite.

## NOVAS

### Cambios na directiva de Montañeiros Celtas

Na última asemblea xeral a directiva actual de Montañeiros formulou aos seus socios a necesidade de renovación dalgúns postos da actual directiva debido á baixa producida polas persoas que os estaban ocupando. Ante esta chamada de auxilio, a reacción da masa social non se fixo esperar e agora mesmo podemos anunciar a incorporación á Xunta Directiva de Montañeiros Celtas dos seguintes socios:

Secretaría: ELVIRA ALVAREZ IGLESIAS

Vogalía de Sendeiros: MIGUEL CARRILLO

Vogalía de Infantil: RAMON RODRIGUEZ VILLAR

Pero aínda estamos buscando persoas que se ocupen da Tesourería e da vogalía de Montaña.

### ACTIVIDADE DE MONTAÑA EN PIRINEOS (31 XULLO-8 AGOSTO)

Un ano máis, na primeira semana de agosto, o club Montañeiros Celtas proponvos unha actividade de montaña nos Pirineos. A sección de montaña está a traballar para organizar unha actividade interesante, para que os socios e socias do club poidades gozar dunhas boas vacacións de verán. O lugar aínda está por determinar, pois estanse a barallar varias alternativas.

Así que xa sabedes, ide reservando as vosas vacacións de verán para pasalas con Montañeiros Celtas na montaña pirenaica!

## PREMIOS GALA DO DEPORTE

caixanova FARO DE VIGO

VIGO E A SÚA COMARCA

VIGOS 10ª Gran Gala do Deporte

Ganadores de la X Gran Gala del Deporte 2009

EMBAIXA:	EMBAIXA:	EMBAIXA:	EMBAIXA:	EMBAIXA:
R Alala Urz Arango	R Jorge Casales Lago	R Mª Luisa Barros	R David Gómez Martínez	R Oscar Ferrández Vigi
R Nicolás Rodríguez García-Paz	R José David Álvarez Barreiro	R Ana Álvarez Somera	R Oscar Barreiros	R Oscar Ferrández Vigi
R Francisco Usoro Sáizana	R Luis Leiro Álvarez	R J. Luis Mata Sanmartín	R Carlos Barreiros	R Oscar Ferrández Vigi
R Xosé Arandó Méndez	R Carlos Galdames Costa	R Carme Pérez André	R Julio Mía Díaz-Salgado	R Oscar Ferrández Vigi
R Gonzalo Díez Ucedo	R Fco. Javier Villagrana Méndez	R María Gabriela Conde	R Pablo Vázquez Franciscos	R Oscar Ferrández Vigi
R Andrea Roca Taboada	R Patricia Vilas Ibañez	R Eugenio Casal Redas	R Carlos Iglesias Pérez	R Oscar Ferrández Vigi
R Manuel Pena Gómez	R Manuel Pena Gómez	R Eugenio Casal Redas	R Carlos Iglesias Pérez	R Oscar Ferrández Vigi
R Domingo Salinas	R Domingo Salinas	R Eugenio Casal Redas	R Carlos Iglesias Pérez	R Oscar Ferrández Vigi
R Alberto García	R Alberto García	R Eugenio Casal Redas	R Carlos Iglesias Pérez	R Oscar Ferrández Vigi

MENCIONES ESPECIALES

PER LA PROMOCIÓN DEL DEPORTE:  
R Servicio de Deportes de la Universidad de Vigo  
MEJORES ACTIVIDADES DEPORTIVAS  
R Carvazo E.C.  
R Club Viesrosa Famoso de Jaso  
POR SU TRABAJO DEPORTIVO BENÉVOLO  
R Asociación del Hotel Femenino del Club de Remo de Chapela  
POR SU APORTE AL DEPORTE:  
R Hijos de Rivera, S.A.  
POR SU DEDICACIÓN AL DEPORTE Y VOLUNTARIADO DEPORTIVO:  
R D. Carlos Balañán  
DEPORTISTAS DE LA ARCA Y PARALÍMPICOS DE LAS DE:  
R David Gómez  
R Santiago Pérez  
R Tamara Abalde  
R Sebastián Rodríguez "Chano"  
R Gustavo Nieves  
ENTRENADORES Y TÉCNICOS DE LAS DE:  
R Pepe Carat  
R Domingo Salinas  
R Susana García  
R Alberto García



## MONTAÑISMO

### Saída de Montaña no Parque Natural de Redes" 19 ó 22 de marzo do 09

Como é de costume, puntualmente as seis da mañá saímos conxuntamente "celtias/os" e "surbias/os" cara ese incomparable lugar asturiano. Despois de durmir o que faltaba do sono da noite paramos en Benavente para demostrar que os palleiros non se fan sen palla e que as montañeiras/os non só saben patear, dando boa conta dos correspondentes segundos almorzos. Despois de atravesar o Porto de Tarna cunha nevada de campionato, fixemos un sendeiro apropiado ás horas que restaban do día: este cheo de encantadoras paisaxes, destacando os enormes caracochos de carballo e a non menos atractiva ferverenza.

O segundo día todas/os xuntas/os facemos a subida hasta un collado, onde rillamos os correspondentes bocatas durmíndolle a correspondente sesta, para logo uns facer a volta por sendeiro e o resto, un feixe deles, seguir ó cumio e a súa longa corda hasta unha parte baixa, onde tomamos o descenso ate os albergues.

O terceiro día, despois de achegarnos o bus a unha



aldea próxima, uns fixeron un longo e exixente sendeiro e os outras o "Tiatorδος"; que parecía que ía ser moi difícil, sendo ao fin doado (tamén hai que ter en conta a madeira dos compoñentes do grupo). O derradeiro día fixemos o "Xamoca", practicamente todos, escomenzando uns cantos, unha frenética ascensión; sendo eu testemuña de non haber ollado tal ritmo nunca, parecendo auténticos foguetes e chegando ao cumio en tempo record. Despois de disfrutar das incomparables vistas da "Cordillera" toda coberta de neve e os vales verdes, voltamos ao bus dando conta das sidras e "bieres" correspondentes. Voltamos para casa parando na Gudiña, dando por finada a saída. Estou certo que foi unha estancia dun "dez", pois para min non tivo nada negativo e si todo o contrario: a incomparable paisaxe, a neve, as aldeas, a xente, os albergues, cunha comida exquisita e o "bon rolo" do grupo. Respeto aos outros, só había que ollarlle a faciana.

**Antonio Fernández**



## ESQUÍ DE MONTAÑA



### Xornadas de esquí en Alto Campoo 21 e 22 de febreiro

Como ven sendo habitual nos últimos anos, o club organizou o pasado fin de semana do 21 e 22 de febreiro a saída anual de esquí, que este ano se realizou en Alto Campoo.

Desta vez concentrouse un bo grupo de persoas que puideron gozar dunhas magníficas xornadas de esquí nas pistas da estación cantabra, onde nos acompañou unha boa meteoroloxía e unhas mellores condicións de neve.

## ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

### Xornadas de mergullo e espeleoloxía no entorno de Cabo Home 26 xullo 2008

O meu bautismo de mergullo

O 26 de Xullo do 2008 a sección de actividades subacuáticas organizou unha saída pioneira consistente nunha xornada aberta de convivencia-divulgación de mergullo e espeleo no entorno de Cabo Home. Para moitos sería o primeiro contacto co medio subacuático e subterráneo e a experiencia pódese cualificar de exitosa polo nº de participantes; 24 contando a Xiana unha meniña de menos de dous meses, e o ambiente da xornada. A continuación o relato dun dos seus participantes, Alberto Rodríguez de tan só 10 anos de idade que se atreveu coa espeleo da que é un habitual, pero tamén co bautismo de mergullo con botella. A cousa non foi moi doada para él, pois segundo as súas palabras e tras facer correctamente o sinal de subir a superficie dixo: "o aire sabía raro e estaba frío, levarme á beira". Así viviu este día e este é o seu relato:

O domingo 26 de Xullo fixemos unha saída subacuática, saímos ás 9.00 horas de Vigo e chegamos ás 10:30 a Cabo Home,( pois paramos no camiño a almorzar), na praia de Melide, nunha cala un pouquiño máis lonxe. Ao chegar á cala deixamos todas as cousas, comida e demais: botellas,

gafas, tubos, chalecos, neoprenos etc?

Ao principio fixemos un bautismo de mergullo con botella. Oscar e Pablo explicáronnos como se puñan os neoprenos e os equipos de mergullo, para a demostración púxome o equipo e tamén fun o primeiro en mergullar. Custoume chegar ata a auga porque pesaba moito, entón metínme baixo a auga, vin rocas e estrelas de mar, pero saín moi pronto porque o aire estaba frío e estaba canso. Cando acabei de mergullar pasaron os demais e eu coas aletas gafas e tubo, por encima deles coa boia vermella para avisar aos barcos. Levounos toda a mañá, despois empezamos a comer, eu tiña bastante fame?

Despois de comer fomos camiñando ata a "Furna do Lago", para chegar ata ela tivemos que baixar por un cantil, por fin chegamos á entrada e empezamos a entrar por grupos, a auga estaba moi fría, atopámonos cun tronco no medio da furna, despois fómonos a outra galería que eu fun o último en pasar porque había que meter a cabeza debaixo da auga e eu tiña moito frío, pero ao final pasei. Despois ao saír os que quixeron foron a mergullar con tubo, os demais volvemos á cala a bañarnos e esperar por eles, recollemos as cousas e fómonos, estivo ben, ben.

**Alberto Rodríguez Bravo**, 10 anos (sección infantil e espeleo)